

boletín do ceesg

xaneiro



palestina

Nº 23 | Xaneiro de 2009 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

POR QUÉ PALESTINA? UNHA PARÉNTENSE

Pregúntase Diego Taboada nun artigo que escribiu ao respecto, porqué palestina? E engade no título “a razón da forza vs. a forza da razón”. As razóns de control social e medo, que poñen por un e outro lado son argumentos que se utilizan sinxelamente para xustificar unha masacre que baixo ningún precepto nin estamento ten sentido, nin razón, nin permiso. Tamén hai quen fala de que se causan danos “sen quererlo”. Ai, ai, ai! Sen querer, neste mundo, poucas cousas se fan, pero estamos seguras de que esta “carnicería humana en palestina” non é precisamente desas cousas que pasan sen querer; non é un dano colateral, como dirían antigos políticos que se atreveron a gobernar países que se definen democráticos.

O dano dana e a violencia só produce máis violencia. Desde as teorías da educación para a paz e a prevención da violencia é o que se nos ensinan, e que nós, como educadoras e educadores sociais, transmitimos, porque así o cremos, porque é natural e lóxico entendelo-vivilo así. Por iso, porque é máis unha actitude fronte ás cousas da vida e non só uns principios faltos de contido, queremos expresar a nosa repulsa ante a pasividade internacional e a lentitude mental ou a comodidade da indiferenza ante un retroceso democrático da comunidade internacional, porque para non dicir isto deberíamos preguntarnos por qué palestina, por qué non se paralizan todas as relacións económicas con Israel, por qué se permite que EE. UU vete todas as resolucións de Nacións Unidas que pretenden enviar misións de observación e interposición?, por que?

Para poder situarnos hai que botar unha ollada á historia internacional, e aquí queremos facer un repaso cronolóxico e así sacar cada quen as súas propias conclusións. Brevemente, Nacións Unidas aproba a partición de Palestina, en 1948, cando se forma o Estado de Israel, pola cal os árabes palestinos (70% da poboación total co 92% da terra) foron reducidos ao 43% do territorio de Palestina. Así, o resto quedaría para os xudeus (56%, quen representaban o 30% da poboación, e tiñan só o 8% da terra). Neste mesmo ano, Israel, xunto con outras ditaduras árabes (Exipto, Transjordania, Siria) repártese o “pastel” palestino, quedándose o estado sionista de Israel co 77% do mesmo, expulsando ou matando á poboación árabe.

O primeiro levantamento civil, tras vinte anos de estériles reivindicacións e de innumerables torturas, deportacións, asasinatos; a Intifada, é protagonizada pola mocidade que se arma de pedras fronte ás balas coas que responde o goberno israelí. Balas contra pedras.

Os territorios ocupados son un tabú impenetrable dos EE.UU. e os intereses económicos de Israel, que negan e entorpecen toda reivindicación de resolución pacífica dos confli-

tos. Tamén aquí volvemos a posicionarnos como educadoras sociais, que podemos definir o conflito desde a corrente de Suso Jares, ou do Seminario Galego de Educación para a Paz (SGEP), desde a perspectiva positiva, pero que queda inerte ante tal extensión do significado bélico que ten nestes momentos a situación do pobo palestino.

Tampouco se pode tiranizar ao pobo israelí, pois teñen que soportar na escola pública unha humillación diaria e sistemática de cara ao pobo palestino, e están inmersos/as nunha sociedade que practica a tortura con toda impunidade e os medios de comunicación son utilizados para informar de que é “a única maneira de resolver”. Ben é verdade que cando dicimos que a solución a un conflito nunca é única, non nos referimos en ningún caso, a esta incomprendida visión de Israel.

Testemuñas do exército israelí comentaban hai pouco que andaban na procura de novos obxectivos militares, pois xa o tiñan todo destruído. Por que Palestina? Por algo será. Hai motivos e intereses, descaradamente coñecidos, e aínda así, a vida segue, pero o CEESG non quere deixar de sumarse aos infindos manifestos de denuncia da masacre e de apoio ao pobo palestino, un pobo con identidade e con raíces, como por exemplo o noso. Por iso, transcribimos parte do texto lido na Alameda de Santiago de Compostela, o 18 de xaneiro de 2009.

“O pobo galego está co pobo palestino, apoia e recoñece o seu dereito á existencia e a ter un estado propio, a elixir libremente a súa representación e que esta sexa recoñecida pola comunidade internacional, incluído Hamás, e finalmente, apoia o regreso das persoas palestinas refuxiadas aos seus fogares.”

Ademais, e tendo este mes un día deses de celebración, o Día Escolar pola Paz, é ironicamente curioso que celebremos algo cando non o temos. Paz, liberdade e ecoloxía (e moita saudíña) é o que desexamos e buscamos coa actitude e a suma de esforzos cara unha convivencia chea de forza e de razón, chea de contido e de enerxía para coñecernos pola vía do diálogo e a comunicación. E non esquecemos tampouco tantos outros lugares que continúan en loita. Pois aquí facemos unha paréntese para falar de Palestina, pero sirva como imaxe do que segue pasando. Nós dicimos: a razón das palabras vs a forza das armas. E para nada concluímos con Aristóteles niso de que “a guerra é un medio natural e xusto para someter a quen nacidos para ser mandados se negan a someterse”. Repensem os Dereitos Humanos e actuemos en consecuencia para berrar sen ningún pudor que todos e todas somos libres. Viva Palestina ceibe!

ACTUACIÓN REALIZADAS

- Carta dirixida a Dona Mercedes Suárez Pazos, decana da Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Ourense da Universidade de Vigo, amosando o apoio do CEESG ao deseño do título de Grao de Educación Social proposto pola súa facultade e se agradece a posibilidade de participación do colexio durante o proceso de deseño.
- Carta dirixida a D. Ricardo Jacinto Varela Sánchez, Conselleiro de Traballo, trasladándolle a preocupación dos colexiados/as acerca do límite máximo de 9 meses de contratación de persoal a través de determinados Plans de Cooperación.
- Carta dirixida a D. Benito Fernández Rodríguez, Secretario Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na que solicitamos que as persoas habilitadas como educadoras sociais sexan admitidas na especialidade *Servizos á Comunidade* dos corpos de profesores de formación profesional.
- Carta dirixida á Sociedade Galega de Servizos Sociais (SOGASERSO), para confirmar se as persoas habilitadas como educadoras sociais poderán acceder ao posto de educador/a social que convocaron para o centro xerontolóxico de Vimianzo.
- Organización e desenvolvemento da V Xornada sobre Xerontoloxía e Educación Social, que tivo lugar en Pontevedra o día 23 de xaneiro.
- Solicitud ao CGCEES de intermediación para solicitar a admisión de educadoras/es sociais nas bolsas de investigación e programas de innovación convocadas polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte. O CGCEES enviou solicitude por escrito ao Ministerio.
- Encontro do Observatorio Galego da Infancia, que tivo lugar en Santiago o día 22 de xaneiro, para a revisión do seu regulamento interno e dos plans de traballo de 2009. Posterior envío por escrito de aportacións a estes documentos. Asistiu Alberto Fernández de Sanmamed, Vogal do CEESG.
- Resolución favorable do recurso de reposición interposto contra as bases para a selección de persoal laboral fixo para un posto de director/a do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá, no que se solicitou a admisión das persoas habilitadas como educadoras sociais no proceso selectivo.
- Sentencia xudicial desestimatoria do recurso contencioso-administrativo contra a desestimación presunta do recurso de reposición formulado contra as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal para a Deputación de Lugo. No recurso solicitábase que a titulación esixida para participar no proceso selectivo de dúas prazas de animador/a sociocultural fose a de educación social ou a habilitación correspondente.

ALGUNHAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG:

- Revista de Estudios de Juventud" N° 55. Monográfico: Educación para la salud y juventud. Diciembre 2001. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Juventud.
- HERNÁNDEZ MORALES, G. e JARAMILLO GUIJARRO, C. (2003) *La educación sexual de la primera infancia. Guía para madres, padres y profesorado de educación infantil*. Secretaría Gral. De Educación y Formación Profesional.
- INSTITUTO DE LA MUJER (2004) *Guía para la incorporación de la perspectiva de género*.
- JARAMILLO GUIJARRO, C. (2007): *Formación del profesorado: Igualdad de oportunidades entre chicas y chicos*. Instituto de la Mujer.
- CAÑO DE LA CRUZ, S., GARCÍA COMAS, C., GOMARIZ MORAGA, N. (2006): *Guía de sensibilización y formación en igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres*. Fundación Mujeres.

ARTIGO DE INTERESE: **Convenio colectivo de Acción e Intervención Social**

Unha sentenza da Audiencia Nacional declarou nulo o I Convenio Colectivo Marco Estatal de Acción e Intervención Social, considerando dúas causas:

- A falta de representatividade decisoria ou negociadora da única entidade patronal que subscribiu o convenio.
- A invasión no ámbito funcional deste convenio sobre outros xa preexistentes.

Dito convenio, publicado no BOE de 19 de xuño de 2007, fora ratificado pola patronal AESAP e os sindicatos FSP-UGT e FSAP-CCOO en marzo dese mesmo ano. O proceso de negociación comezou en xullo de 2006, coa constitución da Comisión Negociadora, pero ao longo do proceso sufriu unha serie de variacións na composición dos representantes empresariais, quedando finalmente composta, na data da firma do acta final unha única entidade patronal (AESAP). Este feito foi a causa de que o convenio colectivo fose posteriormente impugnado por numerosas organizacións, ao considerar que a única patronal asinante non tiña suficiente representatividade para negociar en nome de todo do sector.

O texto íntegro da sentenza pode ser descargado desde a páxina web do colexio www.colexioeducadores.com

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CONTINUA

I CONGRESO NACIONAL VIOLENCIA DE XÉNERO E SAÚDE

Lugar: Santiago de Compostela.

Datas: Do 11 ao 13 de febreiro.

Información e inscricións:

<http://www.atlanticocongresos.com/violenciag2009/>

FORO TEMÁTICO MENORES

Organiza: Fundación María José Jove.

Lugar: A Coruña.

Datas: 25 de febreiro. Noutras datas desenvolveranse outros encontros similares, centrados noutros temas.

Información: www.fundacionmariajosejove.org

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Becerreá:

- Anuncio das bases de selección para un posto de director do Centro de Servizos Sociais. DOG 20/01/09

OUTROS

Consellería de Traballo:

- Orde pola que se convocan subvencións destinadas a entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade e plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación. DOG 09/01/09. Corrección o 23/01/09
- Orde pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo. DOG 09/01/09
- Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria. DOG 12/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria. DOG 14/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, e se procede á súa convocatoria. DOG 14/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (ILE), e se procede á súa convocatoria. DOG de 15/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES), e se procede á súa convocatoria. DOG 15/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral e se procede á súa convocatoria. DOG 15/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, e se procede á súa convocatoria. DOG 15/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, e se procede á súa convocatoria. DOG de 15/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida de mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, e se procede á súa convocatoria. DOG 15/01/09

Consellería de Traballo:

- Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), e se procede á súa convocatoria. DOG 16/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida dos parados de longa duración e se procede á súa convocatoria. DOG 16/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2009 e 2010 de programas integrados para o emprego. DOG 19/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, e se procede á súa convocatoria. DOG 19/01/09
- Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. DOG 20/01/09

Ministerio de Educación, Política Social e Deporte:

- Resolución pola que se publica a Addenda ao Convenio de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación de diversos programas de apoio a centros de educación primaria e educación secundaria (Plan Proa) no ano 2008. BOE 07/01/09

Comunidade Autónoma de Galicia:

- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. BOE 17/01/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:

- Decreto 9/2009, do 15 de xaneiro, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia. DOG 26/01/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:

- Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria. DOG 27/01/09

Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza:

- Resolución pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento. DOG 21/01/09

Consellería de Economía e Facenda:

- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro pola que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. DOG 29/01/08

Ministerio de Traballo e Inmigración:

- Resolución pola que se publica a Adenda ao Convenio de colaboración entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Xunta de Galicia, para o desenvolvemento do I Plan Integral de Emprego de Galicia. BOE 29/01/09

OUTRAS CONVOCATORIAS

EMPREGO

Bases para o proceso de selección de persoal de **SOGASERSO**-Vimianzo.

A Sociedade Galega de Servizos Sociais (Sogaserro) publica na súa web www.sogaserro.com as bases para cubrir diversos postos no centro de atención xerontolóxica de Vimianzo, entre eles, un de Educador/a Social.

OFERTAS DE

Posto: Educador/a Social. Para centro educativo, para coidado de nenas/os con problemática social e familiar e tarefas administrativas relacionadas. Necesaria diplomatura en Educación Social e formación complementaria en administración. Imprescindible experiencia mínima dun ano. Entre 20 e 40 anos. Xornada completa. Incorporación inmediata. **Localidade:** Ourense. **Nº Oferta:** 970216

Posto: Técnico/a de emprego (2 postos). Para entidade sen ánimo de lucro, para realizar programas experimentais de emprego, comercialización de servizos e prospección a empresas. Horario a convir. Valoran experiencia comercial e Máster en RRHH. Necesaria titulación mínima de diplomatura, experiencia dun ano, permiso de conducir B e vehículo propio. **Localidade:** Ourense e A Coruña. **Nº Oferta:** 970249 (Ourense) e 970247 (A Coruña)

CONTACTO: www.cimoemprego.com, *O Portal Galego do Emprego* ou chamando ao 988391525 ou 902116039 (Telemprego CIMO)